

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que con data 28-11-1995, D. Manuel Rodriguez Fernández como presidente da Xunta de Montes de Vilar e Cortegazas, solicita a transformación do consorcio "Serra do Faro e Suido" OR-3080, da parte que lles afecta, en convenio.

O acordo de solicitar dita transformación foi tomado pola Asemblea de comuneros con data 10-11-1995.

2º.- O monte "Serra do Faro e Suido" OR-3080 foi consorciado co Patrimonio forestal do Estado con data 12-6-1961, estando incluídas neste consorcio 139 Ha. rasa pertencentes os veciños de Vilar e Cortegazas, no Concello de Avión.

A transformación comprende 139 Ha. rasas do consorcio citado.

3º.- Para realizar o estado de gastos e ingresos que afectan os veciños de Vilar, e Cortegazas pola súa participación no consorcio OR-3080 teremos que calcular os gastos e ingresos totais do consorcio e reparti-los proporcionalmente a superficie que pertence a comunidade citada.

1. GASTOS

1.1. Gastos do consorcio OR-3080

- Gastos por traballos realizados pola
Admon. Forestal ata 1976 7.253.307.-Pts.

- Gastos por traballos realizados pola
Admon. Forestal dende 1977 ata 1995.... 7.995.029.-Pts.

1.2. Gastos do consorcio OR-3080 imputables a comunidade de Vilar e Cortegazas

- Gastos por traballos realizados pola Admon. Forestal ata 1976 imputables a comunidade de Vilar e Cortegazas en función da sua superficie: 7.253.307 ptsx139/1320,7 Has. 763.390.-Ptas.

- Gastos por traballos realizados pola Admon. Forestal dende 1977 ata 1995 imputables a comunidade de Vilar e Cortegazas en función da sua superficie: 7.995.029 ptasx139Has/1320,7= 841.455.-Ptas.

Conforme o disposto na disposición adicional segunda da Lei 13/89 do 10 de outubro da Xunta de Galicia sobre montes veciñais en man común, todos os gastos realizados ata 1976 teñen a consideración de débeda condoadada.

1.3. Gastos a contabilizar no novo Convenio

- Gastos imputables a comunidade de Vilar e Cortegazas procedentes do consorcio OR-3080 841.455.-

- Gastos de admon. 7,85%/841.455.-Ptas.... 66.054.-

- Gastos de gardería 1400 pts/Hax139 Ha... 194.600.-

Total gastos imputables o novo convenio... 1.102.109.-

2.INGRESOS:

2.1 Ingresos realizados pola Admon. Forestal pola sua participación no consorcio OR-3080.

- Ingresos realizados pola A.Forestal ata 1976 0.-Pts

-Ingresos realizados pola A. Forestal dende 1977 ata 1995 18.900.-Pts.

2.2 Ingresos do consorcio OR-3080 imputables a comunidade de Vilar e Cortegazas.

-Ingresos imputables a Vilar e Cortegazas ata 1976 proporcionalmente a súa superficie 0 ptas. x 139 Ha./1.320,7 = 0.-Pts

-Ingresos imputables a Vilar e Cortegazas dende 1977 ata 1995 proporcionalmente a súa superficie 18.900 pts.x139Ha./1320,7 = 1.989.- "

3. SALDO:

O saldo co que se iniciará o novo convenio resulta da diferenca entre gastos e ingresos:

Gastos- Ingresos: 1.102.109.-Pts. -1.989.- = 1.100.120.- Ptas.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

Nome: Comunal de Vilar e Cortegazas II

Elenco: 3215597

Superficie: 139 Has.

Pertenza: Vilar e Cortegazas

Concello: Avión

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial da conta de gastos: 1.100.120.-Ptas.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Serra do Faro e Suido" teña as seguintes características:

Nome: Serra do Faro e Suido

Elenco: OR-3080

Pertenza: Laceiras, Nieva, Abelenda, Couso, Rubillón
e Acebedo.

Concello: Avión

A restar da conta de gastos: 841.455.- Ptas.


A restar da conta de ingresos: 1.989.- Ptas.

Superficie: 1.181,7 Has.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 14 novembro de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,




Asdo: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,




Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio "Serra do Faro e Suido" (OR-3080) nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e Comunidade de Veciños de Vilar e Cortegazas, no concello de Avión, propietaria do monte veciñal en man común "Comunal de Vilar e Cortegazas II", integrado por 139 Hás. procedentes do consorcio OR-3080, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e a Xefatura Provincial de Ourense, entendo que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, así como a cancelación do consorcio na superficie solicitada, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 1996.



A TECNICA XURÍDICA,



Asdo.: María Diz Rodríguez.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome: Comunal de Vilar e Cortegazas II
Elenco: 3215597
Superficie: 139 Has.
Pertenza: Vilar e Cortegazas
Concello: Avión
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Conselleria no voo creado: 30%.
Saldo inicial da conta de gastos: 1.100.120.-Pts

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Serra do Faro e Suido" teña as seguintes características:

Nome: Serra do Faro e Suido
Elenco: OR-3080
Pertenza: Laceiras, Nieva, Abelenda, Couso,
Rubillón e Acebedo.
Concello: Avión
A restar da súa conta de gastos: 841.455.-Ptas.
A restar da súa conta de ingresos: 1.989.-Ptas.
Superficie: 1.181,7 Has.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	5597
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. Antonio Luis Rosón Pérez por Delegación do, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da Orde do 13-12-1993

Da outra, D. ROBERTO CAL TABOADA, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común COMUNAL DE VILAR Y CORTESGAZAS, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 12-6-1961 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a COMUNIDAD DE VECINOS DE VILAR Y CORTESGAZAS,

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Comunal de Vilar y Cortegazas II

Termo municipal: AVION

Provincia: ORENSE

Situación administrativa e legal: Clasificado como monte vecinal en rana común con fecha 27-10-1976. Consorciado con la Administración Forestal con fecha 12-6-1961.

Límites:

N.: M.V.M.C. de Vilar y Cortegazas denominado "FORAL DE VILAR Y CORTEGAZAS" a favor dos veciños de Vilar e Cortegazas, no concello de AVIÓN

S.: Termino Municipal de Carballada de Aia ROBERTO CAL TABOADA desde 1 febreiro 1994 ata 1 febreiro 1998.

L.: M.V.M.C. de Vilar y Cortegaza an Ourense 12 xuño 6

O.: M.V.M.C. de Nieve

Superficie: 139 Ha. (según plano)

Estado forestal: La superficie a conveniar está rasa, con presenza de tojos, brezos, retas as, etc.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: --

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: 139 Ha.

Servidumes: Las habituales de paso

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade de Vilar y Cortegazas.

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do uno por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerárase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue:

Sierra del Faro y Suído 0A-3080

(Parcela Sur) 139 Ha.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o treinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de treinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Pino silvestre
..... como especie principal.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "FORAL DE VILAR Y CORTEGAZAS" a favor dos veciños de Vilar e Cortegazas no concello de AVIÓN.

2.— Que, así mesmo, figura Don ROBERTO CAL TARDADA, e Don MANUEL VÁZQUEZ FRANCISCO, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica o día 1 de febreiro 1994 ata 1 de febreiro 1996.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense a 12 de maio de 1999.



Don MANUEL VAZQUEZ FRANCISCO, Secretario
de COMUNITAD DE MONTE DE VILAB Y CORTIAZAS

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 10-11-1995 estando designado

Don ROBERTO CAL TABOADA
representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en CORTEGAZAS

a UNO de ABRIL de mil
novecentos noventa e SETS

O SECRETARIO.

Visto e piace,

Roberto Del
PRESIDENTE

Manuel Vazquez

Asdo.: ROBERTO CAL TABOADA

Asdo.: MANUEL VAZQUEZ FRANCISCO

D. XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propriedade,

Roberto Del

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,
P/D
O SECRETARIO XERAL.

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.(0.do 13/12/93)

